



CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2011/2012 TITULACIÓNES ADAPTADAS AO EEEs

Aprobado polo Consello de Goberno do 14 de abril de 2011

1. PERÍODO LECTIVO

O período lectivo do curso académico comprenderá desde o 1 de setembro de 2011 ao 31 de xullo de 2012, organizado en dous subperíodos académicos. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días en que estea interrompida a actividade académica.

2. ACTIVIDADES ACADÉMICAS

As actividades académicas docentes comprenden:

Primeiro cuadrimestre: desde o 12 de setembro de 2011 ao 13 de xaneiro de 2012

Segundo cuadrimestre: desde o 30 de xaneiro de 2012 ao 23 de maio de 2012

3. AVALIACIÓN

Para a súa avaliación os/as estudiantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en tres períodos:

	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Materias do primeiro cuadrimestre	do 16 ao 28 de xaneiro de 2012	10 de febreiro de 2012 17 de febreiro de 2012 para as actas do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Mestrado
Materias do segundo cuadrimestre e anuais	Do 24 de maio ao 9 de xuño de 2012	20 de xuño de 2012 27 de xuño de 2012 para as actas do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Mestrado
Oportunidade de xullo	Do 2 ao 14 xullo de 2012 (*)	23 de xullo de 2012 30 de xullo de 2012 para as actas do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Mestrado

(*) Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles correspondentes ás materias do primeiro cuadrimestre e a continuación os das materias do segundo cuadrimestre. As clases suspenderanse durante o período de avaliación.

O alumnado que superase cando menos un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade e llo permita o seu plan de estudos, poderá realizar a **matrícula do traballo de fin de**





grafo no período ordinario de matrícula e poderá optar por defender o dito traballo, nunha primeira oportunidade, que corresponderá coas datas de avaliación do primeiro ou do segundo cuatrimestre ou, de ser o caso, nunha segunda oportunidade que corresponderá sempre coa data de avaliación do mes de xullo.

A estas opcións tamén se poden acoller os alumnos do traballo fin de mestrado sempre que non exista impedimento no correspondente plan de estudos.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudio interromperanse desde o día 23 de decembro de 2011 ata o día 7 de xaneiro de 2012 (ambos os dous incluídos); os días 20 e 21 de febreiro de 2012 e desde o día 2 ao día 7 de abril de 2012 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o venres día 27 de xaneiro de 2012 por traslado da festividáde de San Tomé de Aquino. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividáde de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividades dos centros coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrassen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou o día seguinte.



DILIXENCIA para facer constar que
o/a presente documento
composto de 8 páxinas numeradas e seladas,
foi aprobado polo Consello de Goberno,
na súa sesión de data 14 de abril de 2011.

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Carlos A. Álvarez Sotelo